

ACTA DE ACORDOS ASAMBLEA ORDINARIA

29/12/2021

Dita reunión debido á situación de emerxencia ocasionada polo COVID-19, celébrase por vía telemática reunindo aos membros da Asamblea presentes e recollidos na Acta Oficial ao marxe sendo as 12:00 horas do día 29/12/2021.

ORDE DO DÍA

1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

2º.: Estado de Contas 2021 e Orzamento 2022.

Procédese á lectura e explicación do estado de contas actual así como o executado ata o momento.

Recollemos nas seguintes tablas os Ingresos e gastos deste ano desglosados nas seguintes partidas:

INGRESOS 2021	APROBADO	EXECUTADO	DESVÍO
1.-FORMACIÓN			
MATRÍCULA	22.500,00 €	0,00 €	-22.500,00 €
ESCOLA NON REG	--	--	--
2.-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE			
SUBVENCIÓN	74.669,00,€	74.669,00 €	0,00 €
3.-LICENZAS			
INGRESOS LICENZAS	155.000,00 €	241.977,00 €	86.977,00 €
4.-INGRESOS INSCRIPCIÓN CAMPIONATOS ESPAÑA E INTERNACIONAIS			
INGRESOS INSC. CAMP. ESPAÑA	53.500,00 €	46.900,00 €	-6.600,00 €
5.-INGRESOS VARIOS			
INGRESOS VARIOS	10.344,58 €	4.550,00 €	-5.794,58 €
6.-OUTRAS SUBVENCIÓN			
SUBVENCIÓN	8.650,00 €	10.450,00 €	1.800,00 €
7.-REMANENTE FEDERATIVO			
REMANENTE	27.320,16 €	0,00 €	-27.320,16 €
TOTAL	351.983,74 €	378.546,00 €	26.562,26 €

GASTOS 2021	APROBADO	EXECUTADO	DESVÍO
1.-GASTOS DE FUNCIONAMIENTO			
PERSONAL	35.000,00 €	42.510,99 €	-7.510,99 €
PRIMAS SEGUROS	816,68 €	868,04 €	-51,36 €
GASTOS BANCARIOS	1.150,00 €	803,19 €	346,81 €
SERVICIOS PROFESIONAIS EXTERNOS	3.200,00 €	2.050,24 €	1.149,76 €
CORREO E TELÉFONO	4.500,00 €	2.810,96 €	1.689,04 €
MATERIAL DE OFICINA	2.650,00 €	3.211,72 €	-561,72 €
DIETAS E QUILOMETRAXE	5.000,00 €	190,85 €	4.809,15 €
VARIOS E IMPREVISTOS	1.500,00 €	3.346,13 €	-1.846,13 €
ADQUISICIÓN MATERIAL	6.500,00 €	1.569,69 €	4.930,31 €
TOTAL GASTOS CORRENTES	60.316,68 €	57.361,81 €	2.954,87 €
2.-LICENZAS			
PAGO HOMOLOGACIÓN LICENZAS Á RFEG	45.500,00 €	50.180,00 €	-4.680,00 €
GASTOS SEGUROS LICENZAS	58.000,00 €	62.165,00 €	-4.165,00 €
TOTAL GASTOS LICENZAS	103.500,00 €	112.345,00 €	-8.845,00 €
3.-ACTIVIDADES			
3.1.-COMPETICIÓN			
AUTONÓMICAS: ESCOLAR E PROMOCIÓN	25.250,00 €	48.224,50 €	-22.974,50 €
AUTONÓMICAS: BASE E ABSOLUTOS	58.520,00 €	46.271,03 €	12.248,97 €
CAMPIONATOS DE ESPAÑA XUÍCES	5.500,00 €	8.658,92 €	-3.158,92 €
CAMPIONATOS DE ESPAÑA: ORGANIZACIÓN	0,00 €	9.552,01 €	-9.552,01 €
3.2.-PAGO INSCRIPCIÓN CAMPIONATOS DE ESPAÑA	48.500,00 €	46.900,00 €	1.600,00 €
TOTAL ACTIVIDADES	137.770,00 €	159.606,46 €	-21.836,46 €
4.-TECNIFICACIÓN			
XIMNASIA RÍTMICA	4.250,00 €	1.781,83 €	2.468,17 €
XIMNASIA TRAMPOLÍN	4.000,00 €	4.000,00 €	0,00 €
XIMNASIA ACROBÁTICA	4.000,00 €	1.449,35 €	2.550,65 €
XIMNASIA ARTÍSTICA FEMININA	2.500,00 €	0,00 €	2.500,00 €
XIMNASIA ARTÍSTICA MASCULINA	1.250,00 €	0,00 €	1.250,00 €
RENDEMENTO CGTD	6.250,00 €	6.250,00 €	0,00 €
TOTAL TECNIFICACIÓN	22.250,00 €	13.481,18 €	8.768,82 €
5.-FORMACIÓN	49.267,18 €	0,00 €	49.267,18 €
6.-AMORTIZACIÓN INMOBILIZADO	4.647,06 €	5.132,73 €	-485,67 €
7.-ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO	3.500,00 €	14.990,93 €	-11.490,93 €
8.-AXUDA CLUBES COVID-19	0,00 €	16.574,89 €	-16.574,89 €
TOTAL	327.336,68 €	374.360,27 €	-47.023,59 €

Este ano debido á situación especial da pandemia tivemos unha variación importante nos orzamentos. Por dito motivo pasamos a detallar as distintas partidas e a súa execución.

Nos ingresos debemos facer constar que non tivemos cursos esta tempada, a subvención da Secretaría Xeral para o deporte foi totalmente executada, en cuanto ás licenzas estaba previsto un ingreso de 155.000,00 € e tivemos máis ingresos, no apartado de ingresos a inscricións a Campionatos de España e internacionais tivemos menos ingresos dos previstos debido á cancelación e menor participación por confinamentos por contacto estreito de positivos ou positivos COVID, os ingresos varios corresponden principalmente a tutelas nacionais e cambios de club a nivel nacional, no apartado de outras subvencións son referentes ás que recibimos por deputacións e servizos provinciais de deporte que incrementaron lixeramente o esperado. Facemos constar un remanente federativo de 27.320,16 € que polo momento non temos executado. O resumo é un superávit de 26.562,26 €.

En cuanto aos gastos de funcionamento destacar o desvío no gasto de persoal xa que dúas traballadoras da Federación pasaron de xornada parcial a xornada completa dende setembro, tamén salienta que dado que a maior parte das reunións foron de forma telemática non temos casi gastos no apartado de dietas e quilometraxe, en varios e imprevistos temos máis gastos xa que ahí recollimos os gastos COVID o resto de partidas están claramente expostas.

Nos gastos de licenzas podemos ver o desvío do pago de homologación de licenzas así como os gastos do seguro de accidentes.

Onde podemos ver un desvío máis salientable é en Actividades dado que as xornadas de competición tiveron que ampliarse para reducir a masificación de participantes co conseguinte gastos de xuíces e de organización así como un gasto no previsto do Campionato de España de Ximnasia Trampolín no último trimestre do ano.

En cuanto a tecnificación unicamente dúas modalidades non tiveron actividade de tecnificación e agás Trampolín que gastaron a totalidade o resto de modalidades gastaron menos do estimado por non poder cumprir con totalidade os programas de tecnificación por mor da COVID-19.

No apartado de formación non tivemos ningún curso polo que non executamos o estimado en gastos. Reflexamos asemade a amortización do inmovilizado. No apartado de adquisición de material deportivo tiñamos previsto un orzamento de 3.500 euros y dado que tivemos aportación da liña de Subvencións de materiais deportivos da Secretaría cunha concesión de aproximadamente 10.000 euros polo que fixemos a compra dun cabalo de Arcos e un pórtico de anillas de Artística Masculina dado que nin a Federación nin os clubs galegos eran propietarios de dito material tendo que recurrir sempre ao INEF para a cesión do mesmo.

Salienta tamén que aínda que na tempada 2020 aprobamos na assemblea de Decembro un paquete de axuda a clubs por mor da COVID-19 a súa execución levouse a cabo no 2021 polo que debemos reflexalas nos gastos deste ano. O resumo é un desvío de gasto de 47.023,59 €.

A representante dun Club pregunta si para a execución do Campionato de España de Ximnasia Trampolín non tivemos ningunha subvención. Informamos que o Consello Municipal de Deportes de Ourense ingresou aínda hoxe 2.287,25 € e temos pendente o ingreso dunha factura emitida a nome da RFEG correspondente a traslado de material polo que a aportación final da FGX foi aproximadamente de 6.000,00€

Un representante de club solicita que dada a situación irregular por mor da COVID de levar a cabo os proxectos de tecnificación trasladar o remanente para a tempada 2022. O Presidente salienta o déficit importante que tivemos este ano polo que unhas partidas compensan o gasto excesivo en actividades necesario para desenrolar a tempada con seguridade.

Un membro presente na assemblea salienta a necesidade de reactivar cursos. Infórmase que está previsto convocar os mesmos para a tempada 2022 e que estamos pendentes dunha resolución do CSD para poder realizar gran parte dos mesmos por plataforma online.

ORZAMENTO 2022

INGRESOS	
1.- FORMACIÓN	30.000,00 €
2.- SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	83.506,00 €
3.- LICENCIAS	165.000,00 €
4.- INGRESOS INSCRIPCIÓN CAMPIONATOS ESPAÑA E INTERNACIONAIS	54.500,00 €
5.- INGRESOS VARIOS	8.500,00 €
6.- OUTRAS SUBVENCIÓNS	13.250,00 €
7.- REMANENTE FEDERATIVO	16.469,00 €
TOTAL INGRESOS	371.225,00 €

GASTOS	
1.-GASTOS DE FUNCIONAMENTO	
1.1.-GASTOS CORRENTES	
	71.225,00 €
1.1.1.- PERSOAL	50.000,00 €
1.1.2.-PRIMAS SEGUROS	825,00 €
1.1.3.- SERVICIOS PROF. EXTERNOS	4.500,00 €
1.1.4.-CORREO E TELEFONO	3.500,00 €
1.1.5.-MATERIAL DE OFICINA	2.700,00 €
1.1.6.- GASTOS REPRESENTACIÓN	4.950,00 €
1.1.7.- VARIOS E IMPREVISTOS	2.500,00 €
1.1.8.-COMPRA MATERIAL DIVERSO	2.250,00 €
2.- LICENZAS	108.000,00 €
2.1.-PAGO HOMOLOGACIÓN LICENZAS Á RFEG	48.000,00 €
2.2.-GASTOS SEGUROS LICENZAS	60.000,00 €
3.- ACTIVIDADES	131.000,00 €
3.1.- COMPETICIÓNS	
	81.750,00 €
3.1.1.-AUTONÓMICAS: ESCOLAR E PROMOCIÓN	23.250,00 €
3.1.2.-AUTONÓMICOS: BASE E ABSOLUTOS	48.500,00 €
3.1.3.- CAMPIONATOS DE ESPAÑA: XUÍCES	10.000,00 €
3.2.-PAGO INSCRIPCIÓN CTOS ESPAÑA	49.250,00 €
4.- TECNIFICACIÓN	28.500,00 €
4.1.-XIMNASIA RÍTIMICA	4.250,00 €
4.2.-XIMNASIA TRAMPOLÍN	4.000,00 €
4.3.-XIMNASIA ACROBÁTICA	4.000,00 €
4.4.-XIMNASIA ARTÍSTICA FEMININA	2.500,00 €
4.5.-XIMNASIA ARTÍSTICA MASCULINA	1.250,00 €
4.6.-TECNIFICACIÓN CGTD	12.500,00 €
5.-FORMACIÓN	26.250,00 €
6.-ADQUISICIÓN MATERIAL DEPORTIVO	6.250,00 €
TOTAL GASTOS	371.225,00 €

Tendo en conta o executado no 2021 procedemos a detallar os orzamentos previstos para o 2022.

Os membros da Asamblea presentes aproban por unanimidade este punto da orde do día.

3º.: NORMATIVA LICENZAS 2022

A normativa de licenzas mantén os prezos e o funcionamento do ano 2021. A compañía de seguro de accidentes deportivos continuará sendo Helvetia. A cuota mantense sen variacións respecto ao 2021 e non houbo incidencias na tramitación de siniestros.

A única variación importante a ter en conta é que as licenzas TIPO D son licenzas non competitivas polo que non se poden ampliar ás de outros Tipos, tendo que abonar o importe íntegro das outras licenzas que se desexen xestionar.

Unha representante dun club pregunta para os distintos certificados que tipo de licenzas computan. Informamos que dependendo do tipo de certificado se reflicten só competitivas ou no caso de necesitar cómputo total para xestión de instalacións reflexamos as competitivas e non competitivas deixando constancia do número total das mesmas e o seu tipo.

Os membros da Asamblea presentes aproban por unanimidade este punto da orde do día.

4º.: CALENDARIO PROVISIONAL 2022.

Adxuntamos o calendario provisional do 2022, acordados polos comités Técnicos de cada disciplina, a excepción do comité de artística que se reunirá despois das festas de Nadal, e supervisados pola Xunta Directiva e Comisión Delegada.

Os membros da Asamblea presentes aproban por unanimidade este punto da orde do día.

5º.: SUXERENCIAS E PREGUNTAS

Varios participante na asamblea solicitan poder facer canto antes xornadas de aclaración dos novos Códigos de puntuación xa que as adestradoras teñen moitas dudas co novo código. Infórmase que está prevista a renovación dos cursos internacionais en marzo e ata entón non terán toda a información posible. En todo caso indican que a finais de Xaneiro está prevista unha xornada de formación por parte de Dna. Ariel Milanesio polo que propón facer unha xornada informativa en febreiro.

E sen máis puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 13:00 h do día arriba indicado do que dou fé como Secretaria Xeral desta Federación.

Ourense, 29/12/2021